

Xosé Neira Vilas

Aquel neno

NEIRA VILAS REGRESA Á INFANCIA

AQUEL NENO


XOSÉ NEIRA VILAS

Edicións Embora. 12 euros.

Tema recorrente na produción literaria de Neira Vilas, o de Gres volve á infancia que marca a lume o espírito dos homes e así o fixo co seu. Neste caso trátase dun libro singular formado por 163 historias brevísimas cada unha delas ilustrada pola veloz pluma de Xosé Vizoso nas que Neira Vilas retorna á década dos anos 30 e 40 cando moitos cati-

vos xa nacían adultos ante o mundo que se lles presentaba diante dos ollos.

Porén, non estamos ante un libro pesimista ou dramático senón da descrición dunha Galicia rural, vista desde hoxe case como se dun tempo medieval se tratase. O mundo do agro, as festas, costumes e ciclos vitais aparecen vistos como estampas neste libro sinxelo e entrañable do mestre pontevedrés. Entre as virtudes deste delicioso volume de lectura doada figura o seu rico vocabulario das terras do Ulla. Un libro costumista, de historias ben humanas que amosa a capacidade de Neira Vilas para canonizar unha Galicia que se xa non é, pero si foi. Unha nova aportación dun mestre activo que segue a vivir unha segunda mocidade.



edicións embora